

A ETSAC apoia medidas de racionalización para mellorar a eficiencia e redución de custes da Universidade, non obstante discrepa completamente coa proposta realizada polo equipo de goberno da UDC ao considerar que carece de toda xustificación polas seguintes razóns:

1. Formúlase, entre outras cuestións, a unión de dous centros con titulacións habilitantes para o exercicio de dúas profesións reguladas, ARQUITECTO e ARQUITECTO TÉCNICO únicas no Sistema Universitario Galego e nutridas ambas por alumnos provenientes de todo o noroeste peninsular.
2. Ditas titulacións, nun contexto de absoluta crise no sector da construción, mantéñense por número de alumnos nas posicións máis altas dos centros da Universidade da Coruña. En particular a ETSAC, con 1.747 alumnos, sitúase no primeiro posto na rama de Arquitectura e Enxeñaría, e no cuarto posto sobre o total dos alumnos matriculados nas diferentes titulacións da UDC.
3. O importe ingresado pola UDC como resultado das matrículas dos alumnos da ETSAC no curso 2013/14 é o máis alto de todas as titulacións da UDC, alcanzando unha cifra próxima a 1.750.000€. A contribución da ETSAC ao orzamento da Universidade supera nuns 200.000 euros á que aporta o segundo centro. Con respecto á media dos ingresos por matrícula dos centros da Universidade da Coruña, a ETSAC supera ese valor medio en 1.125.000€.
4. É canto menos curioso que a cantidade de membros dos equipos de goberno nos centros da UDC non teña relación algunha co número de alumnos matriculados. O equipo de goberno da ETSAC, con máis de 1.700 alumnos, está composto por seis membros, e contrasta con outros centros nos que con 750 e 265 alumnos o equipo está composto en ambos casos por cinco membros.
5. As medidas de racionalización do gasto se formulan sobre un centro destas características cunha xestión complexa; a intención de fusión de Arquitectura e Arquitectura Técnica coa mera escusa de reducir os seus equipos de goberno redunda nunha sobrecarga inxente de traballo aos responsables da súa xestión, un menoscabo na atención ao alumno e amosa un evidente agravio comparativo en relación co resto dos centros da Universidade da Coruña. A Universidade mantén ata doce centros cun número de alumnos matriculados inferior a 500, en moitos destes centros se imparten titulacións duplicadas no Sistema Universitario Galego, o que non é o caso das titulacións da ETSAC.
6. Neste contexto de racionalización, resulta sorprendente que non se formule redución algunha do número de vicerreitorías e adxuntos a vicerreitores, xefes de gabinete e en xeral unha infraestrutura para a xestión universitaria que se aproxima aos 750 traballadores, dos cales unicamente 25 traballadores de persoal de administración e servizos están vinculados directamente á Escola de Arquitectura, o que representa unicamente un 3,33% do total, cunha proporción claramente inferior á doutros centros da UDC que contan cun número de alumnos máis reducido; como mostra podemos comentar a situación de centros con 750 alumnos nos que hai adscritos un total de 26 PAS en cada un deles.

7. A proposta de fusión exposta ignora a diferente ratio profesor/alumno nos centros da UDC. As dúas escolas afectadas pola proposta de fusión superan claramente o valor medio de 12,57 alumnos por profesor, situándose no caso da ETSAC en máis de dous puntos por riba da media cando noutros centros da Universidade este valor sitúase por debaixo de 5 alumnos por profesor.

A partir da análise dos datos públicos obxectivos que coñecemos sobre o noso centro e o resto das escolas e facultades da UDC, e ante a proposta de fusión da nosa escola e a desaparición dun dos seus departamentos, e o xeito no que se ten formulado, percibido como algo inxustificado, negativo e discriminatorio co noso centro:

1. **Esiximos a retirada inmediata a proposta de fusión de centros formulada.**
2. **Reclamamos do equipo de goberno da Universidade que propoña medidas de aforro construtivas e equitativas, considerando a realidade complexa de cada un dos centros e departamentos.**
3. **Requirimos ao equipo de goberno da Universidade diálogo para amosar, entre todos, a nosa oposición a unha situación de asfixia económica ante os responsables políticos, en vez de contraer, recortar, fusionar e empobrecer a nosa institución.**

O equipo de dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura.

A Coruña, a 16 de xuño de 2015